



Concello de Ortigueira

Expediente: 745/2022

Asunto: Autorizacións de tráfico para o Festival Internacional de Mundo Celta de Ortigueira 2022

RESOLUCIÓN

Antecedentes

Os vindeiros días 10 a 17 de xullo de 2022 está prevista a celebración do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira.

Esta edición reviste de especiais características tanto no que respecta á súa duración, sensiblemente maior con respecto ás edicións anteriores, como na previsible superior afluencia de público.

Tales características imponen a necesidade de establecer un dispositivo especial de seguridade en materia de tráfico na zona da celebración deste evento que de prioridade aos peóns e, a súa vez, garanta o libre tránsito dos vehículos de seguridade e emerxencias.

Normativa aplicable

- Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial
- Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación
- Ordenanza Xeral reguladora de servizos relacionados co Festival Internacional do Mundo Celta (BOP nº 128 de 6 de xullo de 2012)

Polo exposto, en virtude das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Pechar ao tráfico rodado o perímetro comprendido entre a zona do casco urbano de Santa Marta de Ortigueira dende a Avenida Escola de Gaitas (excluída esta) ata o mar así como os accesos á praia de Morouzos dende as 00:00 horas do 7 de xullo ata as 18:00 horas do 17 de xullo de 2022.

A tal efecto, restrínxese o acceso de vehículos a través das seguintes rúas/estradas:

- Rúa As Pontes de García Rodríguez
- Rúa Fernández Latorre
- Rúa Cuba
- Rúa Eugenio López
- Rúa José Buide Rodríguez
- Estrada CP-6114

Segundo.- Exceptúanse destas restricións aos vehículos de seguridade e emerxencias.

Terceiro.- Os vehículos dos grupos que a continuación enuméranse tamén exceptúanse destas restricións sempre que dispoñan do correspondente pase:

Residentes: Considéranse residentes aos cidadáns que dispoñan dunha vivenda da

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

súa propiedade ou que fagan uso da mesma en virtude dun contrato de arrendamento ou usufruto.

Tamén inclúense neste grupo aos parentes dos residentes (propietarios, arrendatarios e usufrutuarios) de ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade.

Profesionais: Dentro deste grupo incardínanse tanto os empresarios como os traballadores por conta allea que presten servizos profesionais e laborais en inmobles situados dentro do perímetro descrito no apartado primeiro desta resolución.

Tamén inclúense dentro deste grupo aos traballadores de empresas de reparto e de correspondencia.

Turistas aloxados no perímetro: Unicamente inclúense neste categoría a aqueles cidadáns que alóxanse nun establecemento turístico situado no perímetro que conte cos permisos correspondentes para operar como tal (vivendas e apartamentos turísticos, hoteis e hostais).

Cuarto.- Para a obtención do pase que habilita o acceso de vehículos ao perímetro será preciso presentar a correspondente solicitude en modelo normalizado.

Residentes e parentes de residentes:

O pase solicitarase sempre polo propietario do inmoble, ou no seu caso, o seu representante legal, e acompañarase da seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa da propiedade do inmoble (Por exemplo: escritura de compraventa, nota simple do rexistro da propiedade, recibo do IBI,...)
- b) Permiso de circulación dos vehículos para os que solicítase o pase no que conste que figuran a nome dos residentes ou parentes dos residentes.
- c) No caso de que o pase solicítase en favor do arrendatario ou usufrutuario: contrato de arrendamento en vigor ou, no seu caso, escritura de constitución do usufruto.
- d) No caso de que o pase solicítase en favor de parentes dos residentes: documentación acreditativa oficial da relación de parentesco

Profesionais:

O pase solicitarase sempre polo empresario, ou no seu caso, o seu representante legal, cuxo establecemento estea situado no perímetro e acompañarase da seguinte documentación:

- a) Permiso de circulación dos vehículos para os que solicítase o pase no que conste que figuran a nome dos profesionais ou da empresa.
- b) Vida laboral ou contratos de traballo así como calquera outro documento oficial no que quede acreditada a relación laboral coa empresa.

No caso de traballadores de empresas de reparto e correspondencia, a solicitude tamén formularase polo empresario e acompañarase da documentación anterior.

Turistas aloxados no perímetro:

O pase solicitarase sempre polo empresario, ou no seu caso, o seu representante legal, onde alóxense os turistas e acompañarase da seguinte documentación:

- a) Permiso de circulación dos vehículos para os que solicítase o pase no que conste que figuran a nome dos turistas aloxados.
- b) Contrato de hospedaxe ou aloxamento turístico.

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

Quinto.- Condicións de expedición dos pases así como da circulación e estacionamento de vehículos dentro do perímetro:

- a) Os residentes que dispuxeron de pase no ano 2019 quedan dispensados de solicitalo de novo excepto cando se modifiquen as circunstancias que deron lugar a aquel.
- b) A solicitude de pases poderá realizarse tanto presencialmente como a través da sede electrónica municipal ata 30 de xuño.
- c) A recollida dos pases realizarase a partires do 1 de xullo en horario de 10 a 12 horas na Oficina de asistencia en materia de rexistros (planta baixa da Casa do Concello). **Non obstante, os residentes que atópanse na situación descrita no apartado quinto a) poderán recoller os seus pases a partires do 17 de xuño.**
- d) Prohíbese o acceso ao perímetro a vehículos a motor alleos aos servizos de seguridade e emerxencias ou que carezan da correspondente autorización.
- e) As persoas titulares dos pases circularán polo perímetro cos seus vehículos o mínimo dispensable (obrigas profesionais, estacionamento e obrigas persoais indemorables).
- f) Os servizos de reparto e correspondencia por medio de vehículos autorizados efectuaranse en horario de 9 a 17 horas.
- g) Os vehículos de seguridade e emerxencias gozarán de preferencia absoluta.
- h) Non se permite o estacionamento de vehículos nas zonas restrinxidas. O Concello procederá á súa retirada a costa dos responsables.
- i) A inobservancia do previsto nos apartados anteriores será obxecto de sanción de conformidade co disposto na normativa aplicable.

Sexto.- Corresponderá á Policía Local adoptar as medidas que resulten precisas para executar e facer cumprir as disposicións previstas nesta Resolución.

O Alcalde

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536